



## Participación no programa EDUMOB

O IES de Beade ten a intención de participar no programa EduMob de intercambio individual en réxime de reciprocidade durante o curso 2023/2024 con alumnado francés da Région Académique de Grand Est (Francia), circunscrición administrativa do Ministère français de L'Éducation Nationale.

O obxectivo destes intercambios escolares é propiciar o coñecemento mutuo das culturas e linguas de ambos países mediante a asistencia do alumnado a centros educativos e a convivencia en familias do outro país. A estratexia Edulingüe 2030 de internacionalización da educación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, promove este tipo de accións como chave para achegar ao alumnado galego a un contexto internacional real, tanto no ámbito académico como no da convivencia diaria. Con este obxectivo, ao alumnado galego asignaráselle un/unha homólogo/a francés/a tendo en conta, na medida do posible, as preferencias manifestadas. O alumnado galego aloxarase no domicilio dos seus homólogos durante catro semanas, acudindo ao seu centro de ensino e incorporándose ás clases fixadas no contrato de estudos. En réxime de reciprocidade, o alumnado galego acollerá no seu domicilio e no seu centro de estudos o alumnado francés durante outras catro semanas. Cómpre sinalar que o beneficio desta experiencia non é só para o alumnado participante mais que se estende a toda a comunidade educativa dos centros que reciben nas súas aulas alumnado estranxeiro. Estes centros anfitrións terán a posibilidade de establecer relacións de colaboración estratéxica, consolidar programas de cooperación educativa cos centros franceses; en definitiva, estreitar nexos a medio ou longo prazo a través de accións e actividades concretas a desenvolver conxuntamente.

O alumnado solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado en 1º de Bacharelato no ano académico 2023/2024.
2. Cursar Francés Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira en 1º de Bacharelato.
3. Ter superadas todas as materias de 4º ESO.
4. Ter unha nota media mínima de 7 no expediente da ESO.
5. Ter unha nota mínima de 7 na materia de Francés en 4º de ESO.
6. Ter cursado Francés lingua estranxeira alomenos durante catro cursos ao longo da súa escolaridade e/ou ter un nivel B1 en lingua francesa.
7. Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte en vigor.
8. Contar coa tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE) ou no seu defecto un seguro de saúde con cobertura para o período e destino obxecto desta convocatoria.
9. Contar coa autorización familiar conforme ao anexo I.
10. Contar cos informes favorables e o visto e prace requiridos conforme ao anexo I.
11. Aceptar os acordos e compromisos conforme ao anexo IV.
12. Aceptar as bases da presente convocatoria.

O alumnado interesado deberá entregar ás profesoras de francés os Anexos I e III antes do 30 de novembro.

DIRECCIÓN